



ACTA N° 2021/10

Sesión ordinaria do Pleno do Concello

Sala de sesións da casa do Concello, venres 27 de agosto de 2021

No día e lugar sinalado, ás 09:11 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, a sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D^a. Mónica Rodríguez Ordóñez (PsdeG-PSOE)

ASISTEN:

PsdeG-PSOE:

D. Miguel Ángel Pérez Méndez
D^a. María José Pose Pérez
D. Víctor Manuel Muíño Ramos
D^a. Rosa Blanco Lema
D. Mario Andujar Mouzo

PP:

D^a. Raquel Rodríguez Amigo
D. Francisco M. Calzas Suárez

Adiante Vimianzo:

D^a. Marta Rey Lema
D. Francisco Javier Trillo Pazos
D. Eugenio Vidal Quintáns

AUSENCIAS:

Adiante Vimianzo

D^a. María Jesús Barbeira Pose, por asuntos persoais

SECRETARIO:

Praza do Concello, nº 6
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal
www.vimianzo.gal



D. Francisco Javier Novoa Juíz

INTERVENTORA:

D^a. Rosa María Sánchez Martínez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédense a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

- 1°. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021.
- 2°. Toma de posesión da acta de concelleiro de D. Manuel Lorenzo Hermida (Adiante Vimianzo).
- 3°. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo sobre o mantemento do servizo da oficina sucursal de Abanca na localidade de Bañas. Expediente TEDeC 2021/X999/000858.

B) Sección de control

- 4°. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.
- 5°. Mocións de urxencia.
- 6°. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

A) Sección resolutiva

1°. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 30 de xullo de 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.



Ao non manifestar ningunha observación sobre as mesmas, queda aprobada por unanimidade dos/as presentes, a acta da sesión ordinaria do 30 de xullo de 2021.

2º. Toma de posesión da acta de concelleiro de D. Manuel Lorenzo Hermida (Adiante Vimianzo).

Confirmado polo Secretario da Corporación o envío da credencial acreditativa da súa condición de electo pola lista de candidatos de Adiante Vimianzo nas últimas eleccións locais e presentada a documentación esixida no artigo 75.7 da LBRL, pásase a celebrar a toma de posesión como concelleiro do Concello de Vimianzo a D. Manuel Lorenzo Hermida mediante a preceptiva fórmula consagrada no artigo 1. do RD 707/1979 de 5 de abril.

Da lectura da fórmula o Secretario da Corporación e o concelleiro contesta "Sí, prometo".

A Alcaldesa-Presidenta dalle a noraboa e lle expresa que queda posesionado no posto de edil deste concello cos dereitos e obrigas oportunas, desexándolle o mellor.

3º. Ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal Adiante Vimianzo sobre o mantemento do servizo da oficina sucursal de Abanca na localidade de Baíñas. Expediente TEDeC 2021/X999/000858.

O secretario xeral da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión informativa de asuntos xerais, do día 24 de agosto de 2021, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre a moción presentada polo grupo municipal de Adiante Vimianzo sobre o mantemento do servizo da oficina sucursal de Abanca na localidade de Baíñas. Expediente TEDeC 2021/X999/000858.

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Adiante Vimianzo (RE 202199900000986, de 12/08/2021), que se transcribe literalmente:

"Dona Marta Rey Lema, en calidade de Voceira do Grupo Municipal Adiante Vimianzo, ao abeiro do artigo 97.3 do R.D. 2569/86 (ROF), presenta, para a súa consideración e debate no vindeiro Pleno ordinario da Corporación Municipal de Vimianzo, a seguinte moción sobre o mantemento do servizo da oficina sucursal de //Abanca na localidade de Baíñas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

1. Nestes días tivemos coñecemento da intención da entidade financeira //Abanca de pechar a oficina sucursal que está aberta na localidade de Baíñas dende hai moitos anos. A orixe desta entidade era unha Caixa de Aforros que captaba principalmente os aforros que os emigrantes



remitían desde os países nos que tiveran que buscar a vida, así como os pequenos aforros da veciñanza local que lograba co esforzo do seu traballo, e das diferentes pensións de xubilación. O servizo desta oficina complétase coas diversas transaccións económicas de diferente índole, dende o pagamento de recibos ata transferencias por distintos motivos.

2. Na actualidade a oficina de //Abanca de Baíñas ten un volume de actividade suficientemente elevado como para xustificar a súa existencia. De feito, son os cambios xurdidos da dixitalización dos servizos os principais motivos que a entidade financeira explicita como causa fundamental da intención do peche.

3. Baíñas é o centro dunha importante zona rural que abrangue parroquias veciñas do concello de Vimianzo e lugares dos concellos limítrofes de Dumbría e Zas, en torno á que se orixina unha importante actividade económica financeira que xustifica obxectivamente o mantemento da oficina bancaria aberta para a atención presencial de clientes.

4. É coñecido por todos o envellecemento das zonas rurais e a necesidade de implementar políticas que potencien que o noso rural siga vivo e que as persoas maiores poidan vivir nel dignamente, con todos os servizos posibles. Pechar un servizo bancario como o de //Abanca en Baíñas significa prexudicar inxustamente ao territorio de Baíñas e a súa área de influencia, e, sobre todo, á poboación máis envellecida, que carece de formación e medios dixitais para acceder a un servizo de calidade. Así como un prexuízo económico xa que moitas destas persoas maiores teñen que depender de familiares ou, no seu defecto, deberán pagar por desprazarse ás vilas cercanas para poder realizar determinadas xestións bancarias, facéndolles perder, deste xeito, a súa autonomía e/ou ocasionarlles un gasto extra. O peche desta oficina de //Abanca é un prexuízo enorme para este conxunto da poboación. Este argumento de carácter social é suficientemente valeroso como para que a entidade financeira reconsidere as súas intencións de peche da oficina.

5. A existencia de oficinas bancarias orixina un ir e vir de persoas aos lugares nos que se atopan instaladas que axudan á dinamización da actividade económica. O mantemento desta oficina é moi importante tamén para que o núcleo de Baíñas poida manter o comercio e a hostalaría, que de pecharse, vería moi reducido o seu número de clientes de lugares limítrofes que se achegan diariamente a realizar xestións á oficina de //Abanca.

6. O concello de Vimianzo é un cliente importante da entidade //Abanca, con argumentos suficientes para convencer da necesidade do mantemento da oficina de Baíñas aberta ao público. Os actuais e futuros depósitos financeiros do noso concello son un recurso importante a utilizar nun diálogo cos representantes da entidade //Abanca para que compartan a importancia de manter a oficina de Baíñas aberta.



Por todo o devandito propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

O Pleno da Corporación Municipal de Vimianzo acorda:

1. Manifestar o seu desacordo co peche da oficina de //Abanca en Baíñas.
2. Solicitar á entidade //Abanca o mantemento da oficina de Baíñas aberta ao público.
3. Solicitar unha entrevista da Xunta de Voceiros co máximo responsable da rede de oficinas de //Abanca Galicia para dialogar sobre este asunto.
4. Trasladar este acordo ao Presidente de //Abanca.

Vimianzo, 12 de agosto de 2021

Asdo.: MARTA REY LEMA”

Non habendo intervencións, sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por catro votos a favor (2 PSdeG-PSOE e 2 AV), unha abstención (1 PP) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

Dna. Marta Rey explica que presentou a moción no día en que se coñeceu pola prensa o peche da oficina de Baíñas, sendo este un lugar estratéxico pola existencia de empresas agrarias e o peche da oficina de Dumbría.

Critica a escusa que pon ABANCA como política de empresa, xa que non estamos preparados no rural para esa suposta dixitalización ademais que a existencia da sucursal axuda aos comercios e hostalería da zona cando a xente acude a recoller a pensión e demais.

Remata reclamando unha negociación con este banco xa que somos clientes deles.

Dna. Raquel Rodríguez da a noraboa ao novo concelleiro e apoia calquera iniciativa que evite o desabastecemento deste servizo no rural.

A Alcaldesa-Presidenta manifesta que a noticia a recibiu a través dos veciños e que formalmente non chegou nada, ademais traslada que un xefe territorial ía vir hoxe ás 11 e que avisaron onte. Critica que se poida facer algo así e que é consciente dos perxuízos que pode xerar e por iso se fará



xuntanza en Coruña o día 2 e é vergonzoso que pecharan outras como Caixabank unicamente para obter máis beneficio a costa de reducir emprego.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

O secretario xeral da Corporación da conta dos números das Resolucións da Alcaldía adoptados dende o día 27/07/2021 con número 766/2021 ata o día 24/08/2021 con número 813/2021.

5º. Mocións de urxencia.

Non se presentan.

6º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez comunica que non presenta rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey pregunta que pasa no lugar de Reparada xa que se puxo un punto de luz e houbo conflito polo que se habería punto alternativo.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que o instalado pola empresa habilitada rompeu e que hai buscar unha determinada separación de metros sendo necesario na entrada de Reparada e polo que se está a estudar a senda para a colocación de puntos de luz.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:28 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa-Presidenta
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juíz